



## **“A poesía existe desde moito antes do texto” — entrevista con Arancha Nogueira**

Silvia Penas Estévez 12 de Abril de 2020

<https://editoraurutau.medium.com/a-poes%C3%ADa-existe-desde-moito-antes-do-texto-entrevista-con-arancha-nogueira-d21950468078>

### **A poesía é unha forma de ver o mundo?**

Non estou certa, pero de selo, non é só iso. Penso que é unha forma de relacionármonos co mundo, que precede o mero acto de observalo (pensar en que é un xeito de ver o mundo é xa racionalizar ese acto, e estou convencida de que é algo que é anterior a iso e que tamén o transcende, que está antes e tamén despois). O que si sei, é que a poesía existe desde moito antes do texto, que en todo o proceso de interacción co mundo, de transformación, de impacto, de afecto, está a poesía.

### **Cando escribes pensas nunha lectora/lector imaxinaria/o? O que escribes vese afectado por iso?**

Non, non adoito pensar en quen o vai ler, aínda que si hai unha intención (e penso que ninguén que escriba e publique pode negalo) de que iso se vaia ler. De todos xeitos, escribo desde min e desde o que sinto que paga a pena contar; a posteriori podo facer esa reflexión de se é máis ou menos universal, de se alguén se vai sentir identificadx... pero non o penso cando me lanzo a escribir.

### **Cres que hai un lectorado de poesía ou que se cumpre esa idea de que os poetas se len entre si unicamente?**

Penso que hai un lectorado de poesía, fiel pero pequeno. Grande parte dese lectorado son poetas, si, pero non só. As novas canles de comunicación, a socialización da poesía en espazos como bares culturais ou salas de concertos e xéneros como a videopoesía ou a fusión de música e poesía, por exemplo, teñen feito moito por popularizar unha arte bastante restrinxida ao público xeral até hai ben pouco. Porén, non podo obviar que, como digo, é un lectorado pequeno. Son optimista porque penso que se está a facer moito por rachar os estereótipos de que a poesía é algo elitista, que só pode ler xente moi formada e versada no tema (nunca mellor dito), e iso pode levarnos a que ese lectorado se amplíe, aínda que haberá que velo co tempo.

### **Que opinas sobre as redes sociais como difusoras de arte, recitais etc.?**

Opino que son unha marabillosa canle, como xa adiantaba na anterior resposta, e non só o opino, senón que milito activamente nesa idea. Emprego moitísimo as redes sociais para todo: para difundir a miña arte, a arte creada por outrxs, para descubrir, para inspirarme, para crear redes de apoio mutuo... Non creo que poidan substituílo todo, e salta á vista máis ca nunca agora que estamos confinadxs, pero si penso que permiten, por exemplo á poesía, saír do nicho, o cal me parece fundamental.

**O teu poema aparece como algo súpeto, que golpea e sae dunha maneira explosiva e rápida ou é un proceso máis pausado e longo?**

Ambas! O xermolo do poema adoita ser unha frase, unhas palabras, un verso ou varios... ou ben unha imaxe. Iso si “vén”, ás veces producto da reflexión ou doutras lecturas, e outras veces por si só. Mais, desde que aparece esa semente até que medra hai un proceso de traballo pasivo, e explícome: de permitir que iso descanse, pero ao mesmo tempo non deixar de telo na cabeza, ir apuntando o que se me ocorre, cavilar ao respecto diso... pode levar moito tempo, pero se algo aprendín logo de anos escribindo poesía é que esa pausa é necesaria e positiva para facer dunha obra algo máis que un arrouto.

**Este libro, [\*O único lugar onde ficar inmóbil\*](#), en concreto como xurdiu? Onde ou en que dirías que ten o seu xermolo?**

Este libro xorde dunha perda, dunha perda emocional a moitos niveis (comecei a escribilo aló polo 2014, aínda que non o rematei até o 2018). Esa perda emocional, que podemos identificar como unha perda amorosa pero tamén identitaria, leva a un proceso de reconstrución desde a ruína que me parece interesante. Aínda que é un libro cru, duro, reflexiona ao redor da idea de que fica de nós cando nos privan das cousas que pensamos que nos configuran; reflexiona tamén sobre as violencias que sofremos particularmente como mulleres, de como se naturalizan socialmente, de como as afrontamos e de se é posíbel erguerse despois de varar. Gosto desta idea porque non ten moralina, non hai un “tes que facer isto”, non é un manual de instrucións. Tamén por iso, por esa dúbida, creo que é unha lectura que pode axeitarse a estes tempos, aínda que para nada fose escrita con esa idea.

**Cal é o teu verso favorito do libro (transcríbeo, por favor) ? Poderías explicar por que?**

*ti ou o teu recordo / estades partindo a auga como un kraken.*

Hai algo violento na nostalxia, na forma en que aparece sen ser chamada, en que invoca ao imprevisíbel. Hai algo tamén fermoso, aleatorio, que nos exime do control, e onde se nos exime do control é onde realmente pasan cousas. Recordar é necesario, mesmo cando non desexamos recordar. Podemos velo moi claramente nunha situación como a actual. Que sería de nós sen os nosos recordos?

**Como coñeciches a Editora Urutau?**

Pois coñecín ao noso querido Wladimir Vaz, editor da Urutau na Galiza, vivindo en Ourense, de onde eu son. Sempre conto esta historia con moito agarimo porque foi absolutamente natural: nós coñecímonos en espazos moi independentes, recitando, nun ambiente especial no que se turraba por facer cousas culturais nunha cidade cada vez máis avellentada e despoboad; seguimos en contacto, e uns anos máis tarde entérome de que está a traballar na Urutau. Pregúntolle polo proxecto, seguimos falando, el pregúntame se teño algún texto... e de feito deume pulo para rematar este *o único lugar onde ficar inmóbil*, que tiña un pouco parado. E así

foi. Logo a familia Urutau foi medrando aquí na Galiza e a verdade é que é lindísimo ter estado aí para velo case desde os comezos da súa singradura no noso país.

**Algunha observación que queiras engadir?**

Espero que este confinamento resulte nun darnos conta como sociedade do imprescindíbel que é a cultura para a nosa supervivencia, para a nosa saúde mental. Estamos consumindo masivamente arte, cultura e entretemento para non volvernós tolxs. Ao saír, será o momento de blindala como nunca. Oxalá esa reflexión colectiva, oxalá.